

# billioneme

INFORMACIÓN E  
FUNCIONAMENTO.



billioneme



# COMO É A BIBLIOTECA?

A sala, situada na planta baixa do edificio principal, ten capacidade para 40 persoas en postos sentados, tamén dispón de 5 ordenadores a disposición dos usuarios, 1 ordenador Punto Meiga, 2 tabletas e 7 lectores electrónicos.

Na actualidade superan os 12.700 rexistros que compoñen o catálogo da biblioteca do noso instituto. Mantén ademais subscricións a xornais e revistas.

Os andeis son abertos para permitir o acceso directo aos libros, DVDs e CDs. Tabletats, portátiles e lectores electrónicos solicitaranse ao/á bibliotecario/a.

Dentro de cada andel, a colocación dos fondos faise por orde alfabética das letras do primeiro apelido do autor/a ou director/a.

A propia sala pode ser utilizada como un espazo de divulgación cultural e investigación.

O Proxecto Meiga, ao que pertencemos, permite consultar na rede, a dispoñibilidade dos fondos da nosa biblioteca e doutras adscritas a este proxecto.

[www.opacmeiga.rbgalicia.org](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org)

Realizaranse préstamos para a aula.



# COMO BUSCAR?



Os fondos están organizados por materias, seguindo a Clasificación Decimal Universal (CDU), e levan no lombo unha etiqueta que permite atopar calquera material do seguinte xeito:

1. CDU. Exemplo: 82-NG.
2. Primeiro apelido do autor/a ou director/a.  
Exemplo: CAS.
3. Título. Exemplo: ilu.

Esta información correspondería a un libro de narrativa en galego (CDU:82-NG), escrito por Casares (CAS, primeiro apelido do autor) e o seu título é *Ilustrísima* (ilu).

Lembra que ante calquera dúbida sempre podes pedirle axuda ao profesorado de Atención á Biblioteca.

Durante os recreos, ademais de polo bibliotecari@, estarás asesorado polos **“Voluntari@s da Biblioteca”**, alumnado que estará identificado.

# PRÉSTAMO

Co carné de lector accédese ao servizo de préstamo nas seguintes condicións:

◇ Pódense levar para a casa ata 3 fondos, agás obras de consulta en sala, tabletas, portátiles e lectores electrónicos.

◇ O período máximo de préstamo de cada libro é de 15 días e para CDs e DVDs a fin de semana. O prazo de préstamo pode ampliarse renovando o préstamo polos mesmos períodos.

◇ Os libros depositaranse no caixón de devolucións e os CDs e DVDs entregaránse á/ao bibliotecaria/o.

◇ A biblioteca poderalles notificar aos titores legais do alumno/a, a través da titoría ou por carta, as devolucións fóra de prazo ou demoras que prexudiquen o funcionamento do servizo de préstamos.

◇ No caso de deterioro ou perda dun fondo deberá procederse á súa reposición.

◇ Tabletatas e lectores electrónicos, utilizaranse na biblioteca ou na aula baixo a custodia directa do profesorado.

## biblioneme



# HORARIO

De luns a venres: de 8:40 a 14:10 horas  
Tardes luns e martes: de 16:10 a 17:50 horas



## ALGUNHAS NORMAS

Á biblioteca véñse voluntariamente, non é un lugar de castigo.

Gardaremos silencio ou procuraremos non alzar a voz cando traballemos en grupo.

Os xornais ou revistas non se poden sacar fóra da sala e deberán deixarse no seu sitio unha vez consultados.

O uso dos ordenadores destinados ao alumnado será de carácter individual ou, como máximo de dúas persoas. O profesorado de atención á biblioteca poderá limitar o tempo de utilización de cada usuario (cando hai moita demanda) e restrinxir o acceso a páxinas que non teñan unha compoñente didáctica.

# CLUB DE LECTURA

CluBiblioneme está aberto á participación de toda a comunidade educativa do Centro.

Está formado por tres grupos:

- “O monte dos libros” (alumnado 1º, 2º, 3º, 4º ESO e FPB).  
Reunións os luns de 15:30 a 16:00 h.
- “Memorias dun neno lector” (Bacharelato e Ciclos Formativos).  
Reunións mensuais.
- “Merlín e familia” (familias, profesorado e persoal non docente).  
Reunións mensuais.



Algunhas das actividades da biblioteca son as seguintes:

- ✓ Exposición de fondos.
- ✓ Conmemoracións.
- ✓ Actividades divulgativas e informativas.
- ✓ Guías de lectura...

IES MONTE NEME

Rúa Nacente, 29 - 15106 • Carballo  
Teléfono: 881 96 00 50

[www.edu.xunta.gal/centros/iesmonteneme/](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmonteneme/)  
[www.animacionlectura.blogspot.com](http://www.animacionlectura.blogspot.com)  
[www.clubiblioneme.blogspot.com.es](http://www.clubiblioneme.blogspot.com.es)